

Que é a fase de saída ao mercado?

É o **asesoramento técnico especializado** a tódalas persoas participantes no Plan Integral de Agricultura Ecolóxica para crear empresas no rural vinculadas á agricultura ecolóxica.

Dentro desta fase de saída ao mercado asesorarémoste na constitución e xestión de empresa sostible.

Por que?

Porque un negocio sostible é un tipo de empresa que non ten impacto negativo no ambiente global, a sociedade ou a economía.

Para que?

Para obter un triplo resultado positivo: económico, social e ambiental.

Queres crear unha empresa sostible?

Nos axudarémoste!!

Solicita máis información en:

Teléfono 982 886 349
Horario L-X: 9-14 h. e de 16-19 h.
V: 9-15 h.

www.planintegralagricola.info
piagricultura@deputacionlugo.org

Asesoramento

en constitución e xestión
de empresa sostible



PLAN INTEGRAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO SECTOR AGRÍCOLA, CANDEIRO E AGROFORESTAL



A **empresa** é toda entidade, independentemente da súa forma xurídica (persoa física ou sociedade), que exerce unha actividade económica con fins lucrativos.

No proceso de creación de empresas hai dous elementos clave:

- 1.- A idea de negocio.
- 2.- As/os Promotoras/es.

Todo proxecto empresarial ten a súa orixe nunha idea que xurde ao detectar unha oportunidade de negocio e identificar un “nicho” de mercado.

- Que produto falta na zona?
- Quen son os destinatarios deste produto?
- Por que non se oferta xa este produto?
- É viable?

Na maioría dos casos o éxito do proxecto vai depender en gran parte das capacidades e aptitudes das/os promotoras/es.

Un terceiro elemento é o financeiro, aínda que non sempre é o máis importante.

Sabes que podemos axudarte?

O proceso de creación dunha empresa pode desenvolverse en varias fases. En calquera caso ten que sernos útil para valorar e/ou mellorar o noso proxecto.

Estaremos contigo en cada unha das fases!

- Analizaremos a túa idea de negocio vendo a súa viabilidade.
- Asesorarémote na elección da forma xurídica que máis che convén.
- Informarémote dos trámites necesarios e acompañarémote durante o proceso de constitución.

Fases de constitución da empresa

Fase de maduración. Na primeira fase incluímos a aparición da idea e a súa maduración para comprobar en unha primeira aproximación a posible viabilidade da mesma, detectando posibles debilidades ou modificando a idea inicial.

Fase de avaliación. Consiste en facer un estudo en profundidade para comprobar a viabilidade da posible empresa, definir a estratexia de actuación e os pasos para a posta en marcha. Poden ser necesarias modificacións da idea inicial para mellorar as posibilidades de éxito ou chegar a conclusión de que non é posible sacar a idea adiante e teñamos que abandonar o proxecto.

Fase de construción do modelo empresarial. Unha vez que se valora a viabilidade da empresa a crear, o seguinte paso é ver qué forma xurídica eliximos.

Fase de arranque. Por último pasamos a dar os primeiros pasos para poñela en marcha. Será necesario comezar coas inversións e os trámites administrativos correspondentes.